

TENDA ARZESAN



*A artesanía ao
alcance da túa man*

Tenda artesán "Man de Paiño"
Rúa Montero Ríos, 59
Tfno. 637 558 500

BUEU

RETROUSOS DE CELA



LEMBRANZAS DUN
TEMPO PASADO. ENTREVISTAS

Sta M^a de Cela- agosto 2002

Organiza

RETROUSO
grupo de baile

colexio do Torrecino-Cela
Tfnos : 986 322 193
686 440 108



Prólogo


Hai xa tres anos, un grupiño de mozas e mozos de entre catorce e dezaseis anos xuntámonos cunha muller maior. Era vran e estabamos desexosos de aprender. Falárannós dunha muller que cantaba mui ben. Seica era medio familiar dalgún de nós e medio veciña doutras, pero de calquera xeito era unha incógnita pra nós. Pedímoslle unha cita e accedeu encantada.

Pasamos unha tarde con ela nunha bodega en Castrelo. Gravámola cantando e falando. Invitámola a *peros* e ofrecémoslle unha fechiña. Daquela aínda non eramos de todo conscientes do magnífico mundo que nos deixou entrever.

Aquela tarde, Consuelo de Pardiñas abreunos os ollos ante unha parroquia de Cela que non coñeciamos. Unha Cela formada por pequenos grupiños de casas, distanciados, sen vivendas entre elas. Sen asfalto, sen coches. Unha Cela de legón e sal. Un mundo sen alumeado pero con muita emigración, con muita morte, con muito traballo. Un mundo de xornaleiros e pobreza.

Pero tamén nos falou dunha mocidade que buscaba a risa e a diversión. Unha sociedade na que todos se coñecían e se falaban polos camiños. Contounos sobre as compañías, sobre as fiadas, sobre a diversión no adro de Cela e nas festas. Descubreunos un mundo que non estaba nos libros e do que a xente maior era protagonista e, dalgún modo, último testigo. Testimoniounos o final dunha época.

Naquela tarde de reunión, vista con perspectiva, cometemos infinidade de erros. A penas a deixamos toca-la pandeireta, pois estaba agarrando o micrófono (as



altas tecnoloxías); deixamos de gravar algúns momentos nos que ela "só falaba" (ai, incauta xuventude), e gastamos valiosos minutos de gravación coa nosa irrelevante voz.

Pero de todo se aprende. Ela pasouno ben e convidounos a que a chamáramos cando quixeramos "pra outra foliada". Pero volveron os estudos e cando estabamos acabando o curso, xa pensando en repeti-lo encontro, A Morte levouna.

Consuelo, co seu sorriso e a súa voz, deixounos un baleiro no corpo. Deixounos un recordo, unha cinta, unha mensaxe curta, sen concluír; porque as palabras e as vidas da xente querida sempre son curtas de máis.

Por introducirmos nesta importante viaxe que é o pasado, estas entrevistas van adicadas a ela. A Consuelo de Pardiñas, *In Memoriam*.

Café - Bar
EL PESCADOR

Tapas variadas
Pescados de la Ría
Vino Ribeiro y Albariño
Tinta Femia



Alfonso Castela, 6 Telf. 986 32 42 69 -Bueu

Gemma Cestay

Artículos para regalo
Artesanía
Almibre
Bisutería
Cosas, etc.

Teléfono 986 32 04 38
Montero Ríos, 157
BUEU - Pontevedra

miphone **amona**
auna
distribuidor oficial



Pazos Fontenla nº 1
Tel/FAX: 986 32 26 37

36930 Bueu-Pontevedra

Restaurante
"O Chouzo"
terraza al aire libre



c/ Banda del Río, 59 Bueu-Pontevedra
Tfno 986 32 12 26

Presentación

Pero este libro non é só unha homenaxe. Tamén é a presentación do **Festival Retrouso** deste ano, que xa é o terceiro. Coma sempre, celebrarase no adro de Cela na noiteña do sábado 3 de agosto de 2002.

Nesta ocasión temos coma invitados dous grupos de baile e un grupo de música tradicional galega. No apartado do baile, á parte de nós, van actuar "**Trompos Os Pés**" e mais "**Froles Mareliñas**". O grupo folk será o de "**Os Carunchos**".

"**Trompos Os Pés**" é unha asociación de Marín cunha consolidada escola tradicional e moitos anos de traxectoria co seu grupo de baile. Xa nesta temporada viaxaron ata Cáceres e Portugal pra presumir de cultura.

"**Froles Mareliñas**" vén de Chapela, en Redondela, e tampouco son nada novos neste mundiño. O primeiro contacto que tivemos con estas mozas e mozos foi na actuación das súas pandeireiras na Festa do Viño Tintafemia do ano pasado. Tras do concerto sacaron gaitas e acordeóns e puxéronse a bailar. Prometen festa.

E pra remata-lo festival acompañarannos "**Os Carunchos**". Un grupo de música folk galega que vén de saca-lo seu segundo traballo discográfico e que leva máis de dez anos percorrendo as terras de Galicia incitando á farra e á foliada. Son da zona de Vigo. Contan con pandeiretas, bombo, tamboril, frutas, unha zanfona, gaitas e voz, tanto feminina como masculina. O seu primeiro disco, *Ala*, que vai!, foi un grande éxito tanto pola súa vitalidade como pola súa mestura de melodías tradicionais con corrosivas letras actuais, feitas ó xeito dos antigos. Un grupo pra dar palmas, rir e bailar sen parar.

 **NOUTRORA**
INFORMÁTICA

AV. PAZOS FONTENLA, 64 , BUEU
TFNO. 986-322-542 WWW.NOUTRORA.COM

Alfredo
García Castro



MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
ALMACEN Y EXPOSICIÓN

Ramón Bares 72 BUEU Telf. 986 324 290

Un pouco sobre nós

O grupo de baile "Retrouso de Cela" naceu no colexio público Torre-Cela no ano 1996 da man da profesora Leonor Rosales Corrales, fundadora dos grupos "Meiramar" de Moaña e "Danzadeira", aquí en Cela. Dende os seus comezos, "Retrouso de Cela" actuou por case que tódolos recunchos do concello de Bueu, por tódalas localidades do Morrazo e boa parte da zona de Vigo-Nigrán-Redondela. Tamén conta con experiencias no norte da Coruña: Foz e Cedeira, e mais saídas á nosa veciña Portugal: a Braga e os arredores da cidade de Guimarães. Na actualidade a súa profesora é Margarita Pérez, fundadora do grupo Andarela de Vigo.

Tamén ten posta en marcha unhas escolas de actividades tradicionais, as coñecidas como "Escolas Retrouso", de baile, gaita e canto e pandeireta. Pra estas escolas o prazo de inscrición está aberto todo o ano, só hai que chamar a calquera dos teléfonos de contacto da agrupación ou falar con calquera dos compoñentes do grupo.

A nosa finalidade é dinamiza-la actividade cultural da parroquia e por iso organizamos este III Festival Retrouso, pero tamén queremos intentar rescatar do esquecemento o noso pasado, ese que a xente maior viveu pero que os mozos só coñecerán se llelo contan.

Por este motivo, neste libríño recolleemos as declaracións de catro dos nosos maiores. A Asociación non se fai responsable do que estas persoas accederon amablemente a contarnos, aínda que estamos certos de que non debería haber ningún problema co seu contido. Estas entrevistas que agora seguen serviranlle a uns pra aprender e a outros pra recordar.

Muitas gracias, desde a Asociación Cultural Folclórica "Retrouso de Cela", pola súa colaboración.

Tus libros en

MIRANDA

TU LIBRERÍA EN EL CENTRO DE BUEU

femies@terra.es

Pazos Fontenla, 35

Tel 986 32 05 04

Programa do:

III FESTIVAL RETROUSO

Sábado 3

de agosto

Ás 9:30 da noite

no adro de Cela



Grupo de baile "Retrouso de Cela"

Grupo de baile "Trompos Os Pés" de Marín

Grupo de baile "Froles Mareliñas" de Redondela

Grupo de música tradicional "Os Carunchos"

Haberá premios sorpresa prós asistentes e sortearase a rifa ó final do festival.

RETROUSO
grupo de baile

colexio do Torrecino-Cela
Tfnos : 986 322 193
686 440 108



CORPBISO S.L.

AREA DE SERVICIO



SABARIGO - CELA - BUEU
TELF 986 32 41 38 FAX 986 32 43 71

Carmen Pousada Castro

Esta entrevista fíxose a Carmen Pousada Castro, que naceu en Masadoiros no ano 1917. Con 85 anos de idade, cóntanos un pouco do que antigamente se facía en xeral na nosa parroquia, Santa María de Cela.

Silvia Gómez Masenlle / Alicia Estévez Castro

¿Que é o que facían antes?

Cando eu era chavala traballábase muito, non se estudiaba. Non se tiña muito tempo libre, xa que ser irmán maior supoñía ter que cuidar os pequenos pra que os maiores fosen traballar. Daquela non se tiña tempo pra quedar coa chavalería, nin se iba á praia como agora. Antes na praia, fora vran ou inverno, non se miraba unha alma máis cás rapetas e as artes a traballar; ¡agora, de baños nada!

¿Que facían cando tiñan algún tempo libre?

Aquí tempo libre non había nunca.

¿E logo despois do traballo non tiñan tempo libre?

Os que traballaban na terra tiñan sempre algo que facer.

Pero algo farían...

No tempo libre que se tiña, como nas noites grandes ou nos días de chuva, quitábaselle a lan ás ovellas, lavábase ben lavada, escarpeábase e fiábase pra facer fío ou mantas, aínda que as mantas solía facelas unha tecedeira de Ermelo.


Zapateria

C/ Pazos Fontenla, 45
986 32 32 77

36930 Bueu
Pontevedra

CARNICERIAS ENRIQUE

TORRE-CELA Telf: 986 32 26 13
Plaza de abastos Seijo Telf: 986 70 34 53




GARAJE TALLER
RAMAL DOS GALOS

Ramón Bares, 2
Telf 986 32 35 53 /
986 32 35 58
Bueu

BAR IGLESARIO

Especialidad en Pescados e la ría
Vinos Tinta Femia y Albariño

Taxi nº 1 - Bueu



Iglesario, 7 - CELA
BUEU

Tel: 986 32 21 31
(Pontevedra)

COMPRAVENTA DE MADEIRA
Álvaro Estévez Loveira

Sábarigo Cela, 18
Bueu 36939, Pontevedra
Telf 986 32 21 93 Mobil: 699 975 665

C A L Z A D O S

Ricó

ZAPATOS BOLSOS COMPLEMENTOS

Pazos Fontenla, 36 Telf. 32 02 67 Bueu



O LAMBEDEIRO DO VIÑO
TAPAS E VIÑOS DO PAIS

Eduardo Vincenti, 55 Telf. 986 320 712 Bueu

Tintorería NOEN

c/ Canivelos, 10
Telf. 986 323 282 Bueu



Despois había que repasa-la roupa e remendala, que non era como agora burra e cabalo, non había pra cada día súa peza de roupa. Pra lavar unha, había que andar pouco menos que desnudo, e despois, cando empezaba a romper e lle caían os botóns, tiñamos que pegarillos e remendala; por exemplo, se a unha camisa lle rompían os codos ou as mangas, comprábase unha pouca tela e faciánselle unhas mangas novas. Pra iso, viña a costureira. Agora xa non rompe porque non esperas a que rompa, agora cando non está de moda tiras con ela e compras outra.

¿Non sabe se facían fiadas ou se reunían á noite?

¡Ah!, iso xa era do tempo da miña nai, pero con todo iso, a min inda me acorda antes da guerra, había algún cine o domingo nomáis, que tampouco eran todos. No tempo da guerra non hubo baile nin fiada nin nada diso, que era cando eu era moza, uns 18 anos, e empezábase a salir.

O que foi á guerra xa foi e o que morreu xa non veu, e as mulleres casábanse a penas sen divertirse, porque estivo tres anos sen haber unha festa ou máis, xa que despois da guerra isto quedou inda mal, mentras a nación se puso ben. O tempo de máis fame inda foi no 41.

¿Que facían cando iban a esfollar? ¿Xuntábanse pra esfollar ou esfollaban cada un na súa casa?


Os capitalistas eran os que tiñan moitas espigas e xuntaban montóns nos cubertos, polo que necesitaban xente pra esfollar.

O que se facía cando se esfollaba era quitarlle o follaco da palla. Primeiro




A BODEGA
TABERNA RURAL

- * Viños e comidas caseiras
- * Amplo aparcamento




Tel.- 986 32 26 12 TORRON - CELA - BUEU

para maior comodidade
reserve mesa e menú



CARNICERÍA MENDEZ SEIXO

AGROMANOLO



- piensos
- cereales
- semillas
- pollos
- canarios
- etc..

c/ A.R. Castelao, 11 -BUEU

☎ 986 32 31 59

cortábase o millo e facíanse paleiros e despois había quen iba a esfollar de noite os paleiros ás veigas. Os que tiñan pouco, iban polo día e quitábase a espiga limpia, o follaco quedaba na palla pra despois prós animais. As espigas metíanse no carro e despois levábanse pró forno.

¿E logo como se divertían?

Había un sitio donde se xuntaban mozas e mozos os domingos ás noites con pandaretas a cantar e bailar; xuntábanse nun camiño que fora un pouco grande. Pero no tempo de guerra non se andaba así, cada un tiña que estar na súa casa, e homes había poucos porque tanto solteiros coma casados iban á guerra.

¿Facíanse festas por aquí e xuntábanse?

Si, xuntábanse as mozas pero non había bailes como hai agora, o único baile que eu acordo era o domingo de Pascua, día de san José, día de Navidad e de Ano Novo; no baile do Pirigallo, na Graña. Despois da guerra puxérono onde é agora.

¿Non xogaban con algo como aros de barriles, monecas de espiga...?

Pra facer as monecas collíamos un carozo xeitoso, e despois collía trapos mui ben feitiños e facíalle unha cabeza. Ataba dentro do carozo coa punta pra riba e poñíalle a cabeza. Despois cosíalla, o de adentro con fio encarnado e o de fóra con fio negro prós ollos e despois pró nariz, bueno cun fio facíalle toda a cara. Prós brazos enleaba un trapo gordo e despois facíalle unha forra e cosíalla, o carozo non se miraba porque estaba forrado todo con tela, e ás veces inda lle botaba lan das ovellas por dentro pra facela blanda.

BAR

O MUIÑO

VIÑOS E TAPAS

c/ Ramón Bares, Tel 986 321 526
BUEU - PONTEVEDRA

**MERCA
PRECIO**

Concepción Arenal, 70 Tel. 986 315 347
Ramón Cabanillas, 136 Tel. 986 313 301

MOANA

Camíño Vello, 108 Tel 986 704 014

SEIXO

Eduardo Vincenti

BUEU

Consuelo Masenlle Durán

Naceu o 18 de abril do ano 1917. É a quinta filla de seis irmáns. De nena viveu no Carballal. Ós doce anos empezou a traballar nunha fábrica de salazón. Traballou cincuenta anos na de Massó. Hai 33 anos que é viúda, pero a xente aínda a coñece polo apelido do marido: Consuelo de Parada.

Débora Pena Parada / Rubén Bastón Meira

¿A que se dedicaban seus pais?

Meus pais eran de terra, traballaban na labranza. Meu pai de mozo disque anduvo ó mar pero a min xa non me acorda. Acórdame de atar os bois, de ir ás veigas a levar esterco; a traballar.

¿Foi vostede á escola?

Fun. Empecei ós seis ou sete anos. Era no Cabo de Arriba, encima do adro. Iamos a andar. Levabamos a comida, comiamos alá no adro e despois á noite viñamos.

¿Cantos anos foi?

Poucos. Eu de dez, doce anos xa fun prá anchoa, pra unha salazón de bocareu.

¿Era unha fábrica?

Era. Collían bocareu, bocarto, e despois conservábano. Pero morreron os dueños e non siguiu máis. Era en Loureiro. Era unha empresa de muito pra tras. Viñan as artes e despois collíano, sacabámoslle a cabeza e conservábano en barriles. E despois tódolos días cambiábanlle a moura.

CONSTRUCCIONES

CELSO ESTEVEZ

ALBAÑILERÍA Y CHORREO

C/ Murrans, 5 Tfno 986 32 20 59 36930 Cela-Bueu

tódolos días cambiábanlle a moura.

¿Que é a moura?

A salitre na que cura o peixe. Porque esa anchoa hai que curala, con moura. Despois o señor Massó, máis tarde, conservábaa pero xa non había que aquelar con moura, xa había uns aparatos para conservala. Pero foi máis tarde.

¿Canto lle pagaban na fábrica do bocareu?

Ganabamos pouquiño. Un real ou así. Un real eran dous patacos e mais unha chica.

¿E despois traballou en Massó?

A Massó fun cincuenta anos, desde o 32 ata o ano 82. Cincuenta anos, diaria. Anduven 30 anos nunha máquina de cierre das latas e o resto do tempo revisando, mirando as mulleres o que facían.

¿E en Massó, no 32, canto cobraba?

Agora xa non me acorda. Tiña dúas irmáns alí que eran maiores ca min e

Leña
Verde



ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO bueu



INFORMATICA
Mister CHIP

distribuidor:

vodafone

Telf: 986 323 556 Pazos fontenla 47 baixo BUEU



TALLERES
MAR AUTO, C.B.

C/ Xoan Carballeira, nº 4 Bajo

Tfno. 986 322 213

FAX. 986 324 416

36930BUEU

ganaban nove reales ó día. Pero tamén había veces que viñamos pra casa porque non había peixe e ó millor chegabamos ó medio do camiño e pitaba o grifo e había que dar volta pra tras, porque viña un barco do caldeiro e había que preparalo e despois, cando acababamos, viñamos á 1 da mañán ou á hora que cadrara. E se había peixe xa pitaba o grifo, aínda que fosen as 6 da mañán. E había que ir.

Se traballou en Massó xa no 32, ¿acorda dunha folga de mariñeiros aí polo 36?

De mariñeiros, si.

¿Que pasaba?

Pois nada, que os barcos tiñan moito peixe e non llo querían, e eles querían que llo colleran e non podían con el, porque metían seiscentas ou setecentas cestas diariamente e agora todo vai á maquinaria, pero antes había que cochar a man, emparrillalo a man e despois empacalo. Entón todas esas cestas non se daban atendido. Pero iso logo se terminou.

Traballando en Bueu estaría enterada da política da época.

Ai, eu diso non entendía nada. Había iso de que eran os comunistas e os falangistas. Eu nunca quixen saber nada. Cando a veces votabamos, que votabamos alí nunha mesa, preguntábanme “¿Pra quen votas?” e eu dicía “Eu pra calquera, a min tanto me ten”. Eu nunca fun partidaria, nunca fun dos partidos. Xa non collía nada, non votaba. ¿Pra que había votar se eu non entendía nada?

Cando era moza, ¿como se divertían?

Ó millor xuntabámonos catro ou cinco cunha pandereta e a cantar e esas

**AGRICOLA
GARRIDO**

Piensos, abonos, semillas, pollos
servicio a domicilio

Pazos Fontenla, 7 36930 Bueu Pontevedra Tfno. 986 320 699

MERCERÍA
Elisa
MERCERÍA ELISA
EQUIPOS PARA RECIBEN

C/ Castelao, 19 Tfno 986 320 141 BUEU



frutería
IRUA NOVA

Edificio Fisan Telf. 986 32 24 86 Beluso-Bueu

cousas. Ultimamente iamos ó baile da Parapía, que había un acordeón, que era o que había.

¿Quen tocaba o acordeón?

Tocaban uns que lle chamaban os Porteliñas de Beluso e un cuñado meu tamén tocaba o acordeón. E mais un que lle chamaban Diz, o fillo do encargado da fábrica de Massó.

Cando tocaban nas encrucilladas, ¿como quedaban?

Sabiase que o domingo a mocidade xuntábase a pasalo bomba.

¿A que hora quedaban?

Empezabamos á noitiña,

botabamos un pouco tempo e cada un prá súa casa. Non era como agora.

¿Acórdase dalgunha canción?

Euquisei, hai tantos anos que non cantei. Hai trintetrés anos quedei viúda e



Allianz

Santaclara 1940, S.L.

Sociedad de Agencias de Seguros

Pazos Fontenla, 25 36930 BUEU-Pontevedra

Tel 986 32 00 26 Fax 986 32 32 37

E-mail: luis.santaclara.pa@alianz.es

encerreime e xa me pasou todo. Que sei eu. O que ten marido e sale, sempre hai algunhas bromas, pero eu hai trintetrés anos.

¿E tocaban sempre as mesmas cancións ou inventaban?

Cantabamos en varias, que eran as que había. Antes había comparsas en Bueu con letrillas e comprabamos e aprendiamos. Pero onde vai iso, meu fillo.

E bailaban.

E logo. Agarrados, soltos... e o tango. O tango era mui bonito. Bailabamos o pasodoble e esas cousas. Pero o máis costoso era o tango, que había que facer moitos puntos pra diante e pra tras.

¿E jota e muiñeira sabían bailar?

A min nunca me gustou moito, pero había quen a bailaba aquí en Cela mui ben mui ben. A xente facía un corro e eles a bailar no medio. Aquilo era unha marabilla.



RELOJERÍA - JOYERÍA



E. Vincenti, 31
tlf: 986 32 01 58

BUEU
(Pontevedra)

TALLERES

A. PIÑEIRO S.L.



Servicio Oficial

Seixo - Marín
Telf. 986 70 22 27 - 986 70 30 93

Bar- Cafetería
TORRÓN

VINOS DEL PAIS
ALBARIÑOS, TINTA FEMIA
COCINA GALLEGA Y ANDALUZA



Telf 986 32 42 66

CELA - CASTIÑANS

Valentín Díaz Pazos

Esta entrevista fíxose a Valentín Díaz Pazos, que naceu o 2 de maio de 1917 no Igllesario. Valentín cóntanos como era a vida de antes: as festas, o traballo... Bueno, un pouquiño de todo o que tiña lugar na nosa parroquia de Cela, do que moito se está perdendo ou xa se perdeu.

Débora Pena Parada / Alicia Estévez Castro

¿Que é o que facían antes?

Antes había moito que traballar, había que ir ás veigas, ás viñas, había que ir coas ovelas, a buscar toxo, había que ir ás fontes a por agua e tamén iamos ós muiños. Había que ir a facer todas esas cousas.

¿A que fontes solían ir?

Ás máis cerquiñas da casa. Íbase a busca-la agua pra face-la comida, darlle de beber ós bois, face-la caña... Ibamos a calquera hora e se era de noite íbase co farol. Cada zona tiña a súa fonte.

¿Que se facía antes na aldea?

Antes na aldea había que levantarse aínda que hubese neve; daquela a neve era da altura dun puño, sin embargo, agora nin chove nin fai frío.

A primeira cousa que había que facer cando te levantabas era ir a botarlle agua



NA LUA

AVDA. MONTERO RÍOS, 113 BUEU

ás veigas, que estaban todas cheas de neve. Íbase á bodega, collías viño e un cacho de pan, tomabas unha copa ou dúas e xa marchabas.

Nas viñas utilizábanse as xestas, que daquela era o alambre que había, e os troncos das xesteiras eran pra agantar as viñas e levantábanse as parras. Como non había produtos prás viñas, as mulleres encargábanse de darlle catro cavas no ano.

Íbase ó monte. Daquela o que máis había eran carballos, xa que alcolitos non había. Arrancábanse os paus, caía a neve polas mans abaixo e había que agantar, non como agora que hai guantes e outras cousas. Levábanse uns arengues, sardiñas secas, unha parrilla e facíase unha fogueira no monte, asabas tres ou catro arengues, e se tiñas sardiñas levábalas e espetábalas, espichábalas nun pau pra poñelas a asar, e coa mesma asábalas. Levabas un pan, que daquela era pan de trigo, mellor que o de agora, comíase aquilo e seguíase traballando no monte hasta que se puña o sol.

O monte máis lexos que había na parroquia de Cela era o de Paralaia, e dende alí calculábase a hora de marchar. Cando xa chegaba a hora de marchar cargábase o carro de xestas, de varas, de estacas, de rama... pra traer pra casa pra facer o caldo, pra quentar o forno e pra todo.

Cando se ía ó monte co carro nós íamos descalzos, os zoques iban colgados no fungueiro, cada carro tiña 10 fungueiros, dous adiante e catro por cada lado, pra que non se gastasen moito.


Restaurante Hotel
LOUREIRO

Loureiro, 13 Tfno. 986 320 719 Bueu

¿A que se dedicaban os que ían ó mar?

O mar era igual antes que agora, pero antes os barcos habíaos de remos. Neles íbase ás sardiñas, ós xurelos... E sin embargo agora hai gamelas a motor.

Á rapeta íbase de noite, normalmente iban ás 8 ou 9, ou tamén ás 3 ou 4 da mañán. Solíase ir ata as praias descalzo como a Portomaior ou a Beluso.



¿Como era a sanidade naqueles tempos?

Daquela había un sólo médico en Bueu. Despois pasou haber tres e agora xa hai vinte ou trinta.

¿Como era a matanza do porco?

Primeiro mátase o porco, despois co sangue fanse as chourizas revolvendo o sangue para que non se callara e botábaselle fariña triga e fariña milla, uvas pasas, pan,



**TALLERES
DAVISAN S.L.**

SERVICIO OFICIAL CITROËN

Pousada, 15
Cela-Bueu

Tfno. 986 323 155
Fax. 986 324 418

azúcar. Iso era o que se lle daba ás xornaleiras que viñan pola mañán, facíaselle unha sartañada ou dúas, comían e íase prá veiga.

Tamén terían tempo para divertirse, ¿non?

Divertiámonos tanto ou máis que agora. Os mozos e mozas ían todos pró eirado de Cela sin máis luz e sin máis nada, pra cantar, baillar e toca-las panderetas.

O eirado xa o acordo de sempre, aínda que sen a muralla; antes era un terraplén porque era unha veiga da casa que está ó lado do eirado.

Os sitios donde se xuntaban tamén os mozos pra bailar e tocar as pandeiretas eran os torreiros. Os de Sabarigo tiñan o torreiro na encrucillada do Outeiro, os de Castrelo xuntábanse na Lañeira e así en tódalas zonas.

¿Coñece algún sitio onde se fixeran fiadas?

Sí, nesta casa houbo fiadas moito tempo, nelas tocábase, baillábase e tamén había algún que tocaba o acordeón. Debaixo de onde facían a fiada había unha bodega e, pra que a xente non botara o chan abaixo, tiña un puntal. Aquí viñan os mozos e tamén as mulleres casadas. Estas sentábanse aquí nuns bancos cunha roca e cantaban e fiaban. As mozas, mentras, bailaban e non perdían o compás.


Todo aquilo tiña moita máis ciencia que agora, porque agora calquera é músico.. Antes as que tocaban a pandereta de tanto ensaiar todas sabían levar o mesmo ritmo e a que non o levaba xa a "retiraban". E despois botaban catro ou cinco días a aprendelas pra poder volver a cantalas coas demais.



LA CHIMENEA
HOGAR

c/Pazos Fontenla, nº 45 BAJO
Telf/Fax 986 320 305 **BUEU**

JOYERÍA LIBRERÍA



Av Montero Ríos 61 - 63 Telf 986 322 616 BUEU



CONSTRUCCIONS
Antón-Bueu

Pousada, 9 - CELA
Móvil 639 98 23 12
36939 BUEU (Pontevedra)



PANADERIA PASTELERIA
AMADOR

BUEU

DESPACHO LA GRAÑA
MONTERO RIOS,101 986 32 31 20 986 32 11 18

Nas fiadas xuntábanse catorce ou quince homes que se poñían nunha fila e outras catorce ou quince mulleres noutra fila.

¿E nas festas bailaban?

Cando eran as festas, despois da misa maior saían as mulleres a bailar a xota e tamén había quen bailaba o agarrado. Antes as pandeiretas tocábanas as mulleres o mesmo que agora, ou aínda mellor porque machacábanas. Non perdían o compás ó cantar.

Alomenos reuníanse vinte mulleres e catorce ou quince homes.

JOYERÍA - RELOJERÍA ARIZAGA
Trofeos, Artículos de Regalo y Platería

DISTRIBUIDOR OFICIAL




AUGUSTO MIRANDA, 3 36900 MARÍN
TIF. 986 88 20 89 Fax. 986 89 00 85



Digna Ferradanes Piñeiro

FARMACIA

Rúa Nova (edificio Fisán)
Tel: 986 32 08 50 BELUSO-BUEU



CENTRO DE ESTUDIOS
ABACO

CLASES DE APOIO
EDUCACIÓN PRIMARIA -ESO- C.S. -C.M
AULA INFANTIL DE OCIO E TEMPO LIBRE
Tel: 625 376 314
RÚA PAZOS FONTENLA Nº27 1º

GALI *Racing* MOTOR

Moledo 105 - Ardán - Marín Telf/FAX 986 70 22 50



TALLERES
CARBALLO

MECANICA - CHAPA - PINTURA
COMPRA VENTA Seixo Marín
Dr Otero Ulloa, 182 Telf. 986 702 926



Xiada®

REFRESCOS DEL
ATLANTICO S/L

Tel. 70 20 70 - Fax 70 31 61
ARDÁN, 115 *MARÍN (Pontevedra)

PELUQUERÍA

“Alda”

Cela, Pousada nº 12 Tfno 986 32 09 50 móvil 666 94 67 29

CASA MARÍA

HERMELO
VINOS Y TAPAS

Tfno. 986 32 13 23

FERRETERÍA - DROGUERÍA

Novas

MAIS DE MEDIO SÉCULO AO SEU SERVIZO
c/ Eduardo Vincenti BUEU

Rosario Parada Lobeira

Naceu na Pena o 24 de setembro de 1914. O seu pai quedou imposibilitado por unha enfermidade e ela e mais súa nai víronse na necesidade de traballar. Ós 12 anos entrou na fábrica de Massó. Unha caída deixouna postrada nunha cadeira de rodas. O seu marido sobreviviu á Guerra Civil, pero “xa marchou”. O seu nome desde casada é Rosario de Agustíño.

Rita Estévez Martínez / Rubén Bastón Meira

¿Onde era a escola á que foi?

A escola era donde está a Cerqueira agora. Eu fun un pouco tempo, porque tiñan unha rapaza e mandábanme quedar con ela. Embaixo tiñan un maestro, pero a min mandábanme uns días á escola e outros non e mandoulle por unha veciña miña que se non iba tódolos días á escola, que non fora.

Primeiro estaba coas rapazas, despois cheguei ó *Catón* e a un libro que lle chamaban *Juanita*. Sabía poñer o meu nome e por iso fun prá fábrica, que se non supera poñe-lo meu nome xa non me querían. Pero meu pai dixo: “Se foras home ibas á escola, pero así, cos becerritos”. Con sete anos pró monte e cun fouciñoño pra apañar no toxo con outras veciñas que iban tamén cos becerros pró monte.

Traballou desde moi nova.

De pequena iba con feixiños de leña a Cangas, desde a Pena, a vendela.

Estación de Servicio

FRESOGAS S.L.

Lavado automático y Presión
Aceites y Ruedas
Accesorios del automóvil

Seixo
Tfno. 986 70 20 71
MARÍN

Vinoteca



Montero Ríos, 173
36930 BUEU Tfno 986 32 00 09
www.bueuocio.com

Ganaba dous reales. Despois, de 12 anos, fun prá fábrica de Massó a ganar seis.

¿Como empezou a traballar na fábrica?

Eu quería ir traballar á fábrica pero miña nai mais meu pai non me querían deixar porque era rapaza. Pero tanto porfiei que un domingo fíxenme un mandiliño e collín unha tixeiriña e fun con miña nai a Bueu, que daquela non se iba a Bueu como se vai agora. Chegamos á fábrica e díxolle a defunta de miña nai a señor Diz: "Véñolle a pedir traballo pra esta rapaza" e el dixo "Non é tan rapaza, pero hai que falar con don Pancho". Fomos pola fábrica abaixo, chegamos xunta el, e don Pancho dille á defunta de miña nai: "Hai que falar con Diz".

Estaban alí unhas mulleres a traballar que eran nosas veciñas e fun pra alí con elas; entón o señor Diz ensinoume un pouco como se facía. Estuven un pouco tempo alí e mandoume prá fábrica vella. Andaba cun carriño, que era pra levar latas e iso prá fábrica nova. Logo estuven a revisar as latas, de revisadora. Cando me casei, ganaba máis eu ca ganaba meu marido, pero como despois naceu miña primeira filla...

¿Como era o traballo na fábrica?

Primeiro empezábase a traballar ás 8. Despois era ás 9. Pero algunhas veces iba ás seis da mañán pra ganar un cuarto máis. Iba con Carmen da Cova, que eramos compañeiras e ibamos xuntas. Ganaba seis reales e despois xa fun diaria, sempre.

¿A que idade foi á súa primeira festa?

Inda non tiña trece anos. Fomos con tódalas mozas a Ermelo. Xuntabámonos no Casal a mocidade do Cabo de Arriba, do Cabo de Abaixo e mais do Beloso. Levaban un gaitero e ibamos todas xuntas. Nós ibamos coas mulleres que tiñan xa 20 anos e

COREN
AGRICOLA ENTENZA
Piensos-Cereales-Semillas-Patatas
Pollos-Gallinas
Cela-Bueu, Pontevedra. Tel: 986 322 675
Servicio a domicilio

La comercial
FERRETERÍA - BAZAR
De todo un poco
Tfno: 986 70 34 99
SEIXO - MARÍN

cuidábons a nós, que eramos rapazas.

¿Onde iban a divertirse?

Ibamos á fiada e cando eramos máis mozas ó baile á Parapia. Tamén había baile en Casás e na Graña. Os bailes eran tódolos domingos. Na casa de Parapia todo o inverno, que no vran non facían baile. Tamén na de Pirigallo.

¿E no vran onde iban?

Viñan as festas como veñen agora. Ibase a Ermelo, a Ardán, que hai dous días. Ibamos polo día e ó escurecer, pero ás 12 da noite cada un xa estaba na casa, non se salía ás 12 da noite e se viña ás 5 da mañán.

¿Quen tocaba nos bailes?

Algunhas veces viñan uns acordeonistas mui bos que eran de Moaña, outras veces tocaban os Loiras, que dos Loiras vive un aínda: Agustín de Loira, que é do Beloso.

¿Canto costaba a entrada?

Tres chicas ou un real. Ou dous reales se tocaba un gaitero. Dous reales

pagabas se había baile en san Martiño e os mozos pagábannos o baile.


¿E cando non había baile?

Cando non había baile xuntabámonos as mozas do Cabo de Arriba e máis do Río todas no eirado e levaban as panderetas e tocaban as de Lago, que xa morreron, as



de Miguel, as que sabían cantar, e nós tamén lles axudabamos se sabíamos, senón a que tiña mozo xuntábase co mozo alí.

Eu quería o mozo pra que me pagase o viño cando eran as festas. Porque antes as mozas levaban as roscas e os mozos pagaban o viño, nas festas de Ceta. Inda non tiña os trece anos e tuven un chaval, o día da Patrona, e pagoume o viño. Eu tuven mozos pra tódalas festas. E eran meus mozos e mais algún falei por dúas veces ou tres con el, que



Auxiliar de ayuda a domicilio
auxiliar de enfermería
D.U.E.
Cuidado de niños
Cuidado de enfermos

Avda. Dr. Otero Ulloa, 56 - A - Bajo 36913 Seixo (Marín)
Tlf: 986 679 900 Fax: 986 703494 Móvil: 696 817 114

ALQUILER MAQUINARIA INDUSTRIAL



TFNO: 986 70 41 34 ** 620 98 48 07 FAX: 986 70 34 28



GOMINOLAS, HELADOS, REFRESCOS Y MUCHAS MÁS DULCES SORPRESAS

EN EL PASEO DE RAMÓN BARES BUEU

non era como agora. Se cadra o mozo viña coa miña compañeira e non viña ó meu lado. Cada un iba ó seu.

¿Acórdase das cancións que cantaban?

Cantaban a Carolina, cantaban muitas. Algunhas cántanas agora e xa son vellas. "Salerosa remenda o refaixo/ que o levas roto por riba e por baixo". Cantaban muitas cancións

¿Recordas algunha copla?

As coplas xa viñan antiguas, xa eran de miña abuela, pero xa me esquenceron. "Maruxiña non vaias á herba/que vén o vento e toda cha leva". Agora ó non cantalas, esquencen.

¿Tocaban a pandereta?

Tocaban a pandereta, claro, e ó sonido da pandereta a xente beillaba.

¿Como eran os bailes?

O mozo que tiña a moza non beillaba con ela. Se cadra a última tocata. Beillábanse os vales e, a que sabía, beillaba a jota. Non beillaban como agora que parece que andan pensando non sei en qué, beillábase co brazo mui ben.

¿A muiñeira non a beillaban?

A jota e mais a muiñeira beillábana, o que sabía beillala. As que non, andabamo de vultos alí no medio. Pero había poucos que sabían beillar a jota, entón botábana poucas veces. Cando a botaban, beillaban o defunto de Agustín da Serva, que beillaba mui ben a jota, e mais o pai de Garrido, Francisco, e mais a muller, Carmen da Serva, que tamén beillaba algo. Pero quen beillaba ben a jota era a nai de Mucha, Carmiña de Friande, e mais meu padriño. Beillaban a jota na misa maior, os que sabían beillar.



**TELF.S. 986 32 04 14
986 32 26 08
CELA TORRE
BUEU
(PONTEVEDRA)**